


O sistema educativo canadense difire bastante do español. Está organizado da seguinte maneira:



Esta estrutura amosa xa dúas características moi importantes:

- está descentralizado (Canadá é un país federal no cal a xurisdición en materia de educación está nas provincias, non no goberno central, non hai un ministerio de educación para todo o país).
- a organización dos estudos ao longo do sistema non é a mesma en todas a provincias.

O éxito do sistema canadense

Cando pensamos nos países que mellores resultados acadan en educación nas probas internacionais (PISA) citamos aos consabidos Singapur, Finlandia, pero hai que ter presente a Canadá, que destaca non tanto polos seus resultados concretos como pola constancia nos resultados en certas materias.

Estes bos resultados son relativamente recentes (entrou no liderado de PISA a partir dos datos do 2000) cunha característica diferenciadora moi importante: non só obtén resultados moi altos, senón que a diferenza entre os mellores e peores estudantes é moi pequena. Por exemplo, en ciencia a variación é de apenas un 9%, mentres en Singapur é do 20% e en España se atopa no 13%.

Aínda que o caso canadense non resulta espectacular non debemos restarlle o mérito a un país que apenas conta con 36 millóns de habitantes repartidos nun territorio extensísimo (20 veces España), e coa taxa de inmigración per capita máis alta do mundo.

Nun recente [informe da OCDE](#) valorando os resultados da reforma educativa en Ontario destácase que “non só os estudantes o fan ben, senón que o fan independentemente do seu estatus socioeconómico, o seu primeiro idioma ou sen son canadienses nativos ou inmigrantes recén chegados”.

Cómo o logran?

Descentralizando e confiando nas provincias, que teñen as competencias en materia educativa, fixan o currículo e achegan o 100% do presuposto. As provincias delegan parte da responsabilidade nos municipios que contratan aos profesores e elixen aos directores dos centros.

Entre as razóns aducidas no informe da OCDE para explicar os éxitos mencionan que os currículos desenvolvéronse facendo partícipes tanto aos profesores como a a profesionais expertos nas materia, así como un financiamento centrado en reducir os déficits dos centros con peores resultados académicos e todo isto unido a unha selección de docentes moi esixente.

Un dos grandes éxitos da educación canadense é a capacidade de integrar aos nenos inmigrantes. Nos últimos tempos xa non veñen de Europa, senón de Asia (China e India) e outros países menos favorecidos (Alxeria e Colombia) e moitos refuxiados de zonas en conflito (Siria). En apenas tres anos, estes alumnos alcanzan niveis educativos superiores á media. Como? Ademais do feito que moitos proveñen de familias de alto nivel cultural, a maneira de integrar aos alumnos conta con moito apoio dentro e fóra da escola é esencial.

O caso da reforma educativa en Ontario

Ontario é provincia máis extensa de Canadá e alberga a uns 13 millóns de persoas O seu sistema educativo inclúe máis de 2 millóns de estudantes, uns 120.000 docentes e máis de 5000 escolas en 4 diferentes sistemas educativos públicos: Público en Inglés, Católico en Inglés, Público en Francés e Católico en Francés (só o 4.5% dos escolares son francés-falantes). Actualmente, o 27% dos estudantes en Ontario naceron fóra de Canadá e o 20% considérase a si mesmo como parte dunha minoría.

Entre 2003 e 2010 leváronse a cabo distintas reformas educativas que trataron de modificar a tendencia ao abandono temperá da secundaria e o desánimo do profesorado. Entre o conxunto de medidas se atopaban a redución do tamaño das clases (creáronse 5000 novos postos de traballo) enfocadas ante todo a tres obxectivos: mellorar os niveis de habilidade lingüística, de habilidades en matemáticas e aumentar o número de graduados en secundaria. Para estas medidas incrementouse o presuposto provincial en educación de 18.4 miles de millóns de dólares canadienses a 27.5 miles de millóns, o que supón case un 50%.

Este informe tamén destaca a importancia da integración do profesorado no proceso da reforma. O apoio do profesorado resultaba esencial para o éxito, xa que por moito deseño teórico desde arriba que se fixera era a nivel de cada colexio onde debían ter lugar os cambios. Debemos ter en conta ademais as boas condicións salariais e laborais do profesorado, con salarios notablemente superiores aos españois.

Cales foron os resultados? O resultado de mellora en lectura, escritura e matemáticas en primaria pasou dun 54% de estudantes que acadaban os estándares provinciais a un 72% e a taxa de graduación en secundaria pasou dun 68% a un 84%, e todo isto nun período de 10 anos.

Novos retos ante futuro

No ano 2013 o Ministerio de Educación de Ontario decidiu establecer unha nova visión do sistema educativo. Desenvolveron un novo plan denominado Alcanzando a Excelencia, enfocado a incluír cuestións como o benestar, a equidade e a confianza pública entre os obxectivos a alcanza.

Isto suscita novas cuestións difíciles de resolver: como medir todo isto?, como afrontar a carga burocrática adicional? A todo isto engádese que estes novos retos terán que combinalos coas dificultades económicas e recortes que alí tamén estanse a sentir cada vez máis.